

SAR EN FESTAS

A música protagoniza as festas do Sar

Durante tres intensas xornadas haberá verbenas, pasarrúas e sesións vermú para o goce de veciños e veciñas

B. C. [SANTIAGO]

As festas do Sar, do xoves 15 ao sábado 17 de agosto, é a oportunidade perfecta para saír a rúa, bailar e gozar. Un ano máis, a música será protagonista nestas xornadas.

O disparo de 21 bombas dará comezo aos festexos ás 10.00 horas do xoves. A Colexiata do Sar fará un pasarrúas para animar o día antes do rosario na honra da Nosa Señora desde o convento da Ensinanza. O grupo Phantom farase cargo da sesión vermú. Repetirá na verbena pola noite xunto co grupo Kalima.

O venres 16 de agosto, o día de San Roque, tamén haberá o pasarrúas da Colexiata de Sar. Despois, quenda do rosario na honra de San Roque. A sesión vermú, trala misa solemne, será co Grupo Ibiza. Ás 17.30 horas está fixado o partido de solteiras contra casadas. Media hora despois será a quenda dos



Outra edición das festas do Sar. // ECG

homes. O deporte continúa co torneo de chave. O grupo Ibiza regresa ao escenario pola noite nunha verbena na que tamén participará a orquestra Metrópolis.

Máis bombas e pasarrúas darán paso ao último día de festexos, o sábado 17 de agosto. Ás 11.30 horas será o rosario na honra de Santas Mariñas desde a Colexiata de Sar ata a Capela de Santas Mariñas. A Comisión será quen porte o estandarte ata a capela construída na ladeira do monte do mesmo nome. Ten na súa fachada principal unha pequena espadana rematándoa e unha porta rectangular por toda decoración. Moi preto, o conxunto complétase cunha fonte de pedra de estilo rústico onde antigamente se celebraba o 18 de xullo a festividade da santa, unha concorrida romaría típica do rural galego na que as solteiras sacaban a Virxe en procesión ao redor do templo.

Logo verá a misa solemne e xa chegará o momento de bailar e canar da man da Charanga BB+, encargada de animar a sesión vermú.

Pola tarde, a partir das 17.30 horas, será o Día do Neno, con diferentes xogos e atraccións para os máis pequenos e pequenas da casa, que tamén teñen o seu espazo nestas festas do Sar do 2024. O grupo Aché Impacto e DJ Sony porán ritmo á verbena.

CONSTRUCCIONES Y REFORMAS
JOSER NOYA, S.L.

Camiño Real de Angrois, 80
15700 - Santiago

Teléf.: 629 855 763
686 844 206

ASESORÍA
Espiñeira
ASESORES TRIBUTARIOS, JURÍDICOS Y LABORALES

Antonio Espiñeira Mata

Ponte de Sar, 43 - Portal A, baixo A - 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 561 804 - Fax: 981 552 389
Correo electrónico: info@espiñeira.es - www.asesoriaespiñeira.es

PRIMEIRA CONSULTA GRATUÍTA
PRECIOS LOW COST
INAF
AVOGADOS
659 393 587

Especialistas en trámites de extranjería y divorcios

HORARIO:
Luns a xoves (9:00-13:30) 16:00-19:00 h)
Venres (9:00 - 14:00 h)

RÚA PONTE DO SAR, Nº 14 - BAIXO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

INOP
INGENIERIA DEL NOROESTE S.L.

Rúa Picaños, 44 baixo - Santiago de Compostela
T. 981 571 823 • F. 981 572 123
info@ingenieriadelnoroeste.com
www.ingenieriadelnoroeste.com

TRANSTEGA
TRANSPORTES TERRESTRES DE GALICIA, S.L.

www.transtega.com

Polígono Industrial Pícarafa - Sector C - N-6
15980 PADRÓN - A CORUÑA
T. 981 811 626 • F. 981 810 938 • M. 627 282 828
info@transtega.com - www.transtega.com

IMAXSON

Seoane

- **TARIFAS ESPECIALES PARA COLEGIOS**
- **SERVICIO DISCRECIONAL, NACIONAL E INTERNACIONAL**

T. 981 562 832
Sar, 60 - 61 - SANTIAGO • empresaseoane@seoanesl.com